



RECONQUISTA
DE VIGO
1809 • 2009



BASES DO III CONCURSO CARTAZ DO BICENTENARIO DA RECONQUISTA DA VILA DE VIGO

O obxectivo deste concurso é **seleccionar un cartaz para empregar na divulgación e difusión do programa do Bicentenario da Reconquista da Vila de Vigo 2009**, que organiza a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo en colaboración con Tenencia de Alcaldía.

Neste concurso poden participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar cada unha delas cantas obras desexen, coa condición de que sexan inéditas.

Os orixinais realizaranse verticalmente, en papel de 33 x 47 cm, e presentaranse protexidos e montados sobre soporte ríxido e desmontable, que permita a súa perfecta exposición. A técnica utilizable será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.

No caso de remitirse facturados, a A.V.C. Casco Vello non responderá de posibles danos, nin estravíos como tampouco da súa devolución.

A A.V.C. Casco Vello non responderá dos posibles danos que poidan sufrir os cartaces como consecuencia do seu transporte, manipulación, montaxe e desmontaxe, en caso de realizarse algunha exposición destes. Por este motivo recoméndase que os cartaces se presenten en soporte de cartón, cartón-pluma ou similar, evitando o emprego de cristal, metacrilato, enmarcado, etc.

Os orixinais deberán incluír necesariamente os seguintes textos:

- Bicentenario da Reconquista da Vila de Vigo 2009
- Logotipo da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello
- Logotipo de Tenencia de Alcaldía

A A.V.C. Casco Vello corraxirá os posibles erros dos textos que figuren nas obras, así como calquera modificación de datas ou doutro tipo que poideran xurdir. Tamen resérvase a facultade de modificar ou substituír o logotipo que apareza no orixinal, así como de variar a súa localización na composición definitiva do cartaz que se edite.

Os cartaces presentaranse no local da A.V.C. Casco Vello, rúa Oliva nº 12 baixo en horario de 18:00 a 20:30 horas; o prazo de presentación será do 03 de decembro do presente ano ao 09 de xaneiro de 2009. Non serán admitidos os cartaces que se reciban con posterioridade á data e hora indicadas, calquera que sexa a causa do atraso.

Estas bases publicitaranse a través dos medios de comunicación local e provincial, estarán a disposición dos/as interesados/as no propio local da Asociación así como nas páxinas web: www.avcascovello.com e www.reconquistadevigo.com

Cando os traballos se presenten personalmente, facilitarase un recibo que se cambiará no seu día polo traballo presentado. Os que se reciban facturados seranlle devoltos o seu autor/a, se así o solicitan, unha vez verificado o concurso.



RECONQUISTA
DE VIGO
1809 • 2009



Transcorrido o prazo de 29 días naturais, contados dende a data de adxudicación do concurso, sen que os/as autores/as dos traballos non premiados os recollasen, entenderase que renuncian a estes, e a Asociación poderá dispoñer libremente deles, sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase. Os gastos de envío e devolución serán por conta dos/as concursantes.

Os cartaces serán presentados sen sinatura do autor/a e baixo un lema, que estará escrito no dorso do cartel, acompañados dun sobre pechado que porá no seu exterior o mesmo lema. No interior do sobre depositarase unha nota escrita a máquina co nome e apelidos do autor/a, enderezo, número de teléfono e NIF ou CIF correspondente.

Establécese un premio de 1.000 € para o cartaz gañador, e dous accesit de 500 €. Estes premios poderán ser declarado desertos polo xurado do concurso, de estimar que ningún dos traballos presentados resulta adecuado para ser ó cartaz anunciador do Bicentenario da Reconquista da Vila de Vigo 2009, a A.V.C. Casco Vello resolverá polos seus propios medios a edición do mencionado cartaz.

A obra gañadora quedará en propiedade da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello polo que o/a autor/a cederá exclusiva e irrevogablemente o dereito de impresión ou reprodución, total ou parcialmente en calquera modalidade, tamaño ou soporte así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que poderá realizar as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación aos soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

A A.V.C. Casco Vello resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte dos cartaces presentados ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán. Neste suposto, os cartaces deberán ser retirados polos propios autores ou persoas que os representen, no prazo de 30 días naturais seguintes ao da clausura da exposición.

A selección das obras que se inclúan na exposición será realizada polo xurado do concurso.

Composición do xurado:

Presidente: A Responsable de Cultura da A.V.C. Casco Vello

Vocal: Xesús López Concelleiro de Cultura

Secretario: Técnico/a da propia A.V.C. Casco Vello

O presidente queda facultado para resolver en caso de empate así como para as eventualidades que poidan xurdir.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. A decisión do xurado é inapelable.